

Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Outubro 2006

COMUNICADO

O gasto dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de Galicia aumenta en outubro de 2006 respecto ao mesmo mes do ano anterior

En outubro de 2006 o gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas de Galicia aumentou nun 14,2% en taxa interanual.

Segundo datos da “Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros” correspondentes ao mes de outubro de 2006, o gasto total dos viaxeiros que pernoitan neste tipo de establecementos aumentou en termos correntes nun 14,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior, situándose en 49.307,2 miles de euros.

Esta variación pódese descompoñer no crecemento rexistrado tanto no gasto diario medio por persoa como no número de pernoitas que realizaron os viaxeiros deste tipo de establecementos. Así, en outubro de 2006, o gasto diario medio por persoa aumentou nun 6,4% en taxa interanual, situándose en 134,1 euros. Ademais, rexistrouse un aumento interanual do 7,3% no número de pernoitas realizadas nos establecementos hoteleiros de tres e mais estrelas, que ascenderon a 367.818,0.

En outubro de 2006, o gasto total dos viaxeiros de establecementos hoteleiros de tres e mais estrelas situados na provincia de A Coruña supón o 51,5% do total, experimentando un crecemento interanual do 36,9%. O gasto total correspondente a provincia de Pontevedra descendeu nun 5,5%, en taxa interanual, acadando un importe que representa o 36,2% do total. O gasto total dos viaxeiros de establecementos hoteleiros de tres e mais estrelas da provincia de Lugo descendeu nun 11,0% mentres que aumentou nun 28,3% nos correspondentes a provincia de Ourense, acadando o importe de 2.786,9 e 3090,2 miles de euros respectivamente.

Segundo a categoría dos establecementos nos que se aloxan os viaxeiros, en outubro de 2006 o gasto total realizado en establecementos hoteleiros de 4 estrelas aumentou nun 13% en taxa interanual, acadando un importe que representan o 53,5% do total. Na categoría de 3 estrelas rexistrouse un aumento interanual do 18,9%, acadando o 36,5% do total. O 10,0% restante corresponde ao gasto total realizado en establecementos hoteleiros de cinco estrelas, que en outubro de 2006 aumenta nun 5,1% en taxa interanual.

A taxa de variación do gasto total acumulado no que vai de ano sitúase nun 16,4%.

O crecemento acumulado é do 16,0% en termos da serie corrixida de efecto calendario.

En outubro de 2006 aumenta nun 6,4% o gasto diario medio dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de Galicia de 3 e máis estrelas respecto ao mesmo mes do ano anterior.

O gasto diario medio por persoa en outubro de 2006 foi de 134,1 euros, experimentando un aumento interanual do 6,4%.

Segundo a provincia na que se sitúan os establecementos hoteleiros obxecto de estudo, o gasto diario medio por persoa aumenta nun 17,9% na provincia de A Coruña e nun 24,5% na provincia de Ourense, acadando un importe de 148,2 e 129,1 euros respectivamente. Pola contra, nas provincias de Lugo e Pontevedra o gasto diario medio por persoa dos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas experimentou un descenso, en taxa interanual, do 16,3% e 4,6% respectivamente, cun importe de 91,2 e 127,1 euros en cada caso.

Segundo a categoría dos establecementos nos que pernoitan os viaxeiros, en outubro de 2006 destaca o aumento rexistrado no gasto diario medio por persoa realizado en establecementos hoteleiros de 5 estrelas, que cunha variación interanual do 22,5%, foi de 206,8 euros. O gasto diario medio por persoa aumentou nun 9,0% nos establecementos hoteleiros de 4 estrelas, situándose en 145,2 euros. Nos establecementos hoteleiros de 3 estrelas aumentou nun 2,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, acadando o importe de 111,0 euros.

No que vai de ano o gasto diario medio por persoa é de 135,5 euros, cunha variación de 5,3%.

Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Outubro 2006. Datos provisionais.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total (miles de euros)	49.307,2	14,2%	16,4%
Gasto diario medio por persoa (euros)	134,1	6,4%	5,3%
Datos corrixidos de efecto calendario			
Gasto total (miles de euros)	49.307,2	14,2%	16,0%

FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros



Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Outubro 2006. Datos provisionais.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total	49.307,2	14,2%	16,4%
A Coruña	25.375,9	36,9%	25,8%
Lugo	2.786,9	-11,0%	21,7%
Ourense	3.090,2	28,3%	5,3%
Pontevedra	18.054,2	-5,5%	8,5%
Gasto diario medio	134,1	6,4%	5,3%
A Coruña	148,2	17,9%	..
Lugo	91,2	-16,3%	..
Ourense	129,1	24,5%	..
Pontevedra	127,1	-4,6%	..


FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Outubro 2006. Datos provisionais.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total	49.307,2	14,2%	16,4%
3 estrelas	18.009,0	18,9%	19,4%
4 estrelas	26.399,3	13,0%	12,4%
5 estrelas	4.899,0	5,1%	30,2%
Gasto diario medio	134,1	6,4%	5,3%
3 estrelas	111,0	2,3%	..
4 estrelas	145,2	9,0%	..
5 estrelas	206,8	22,5%	..

FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

No seguinte gráfico pódese observar a variación interanual do gasto total e do gasto diario medio por persoa dende 1999.



FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
Fax: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>